

***ASOCIACIÓN DE ALUMNADO E EXALUMNADO SENIOR DA
UNIVERSIDADE DE VIGO, CAMPUS DE PONTEVEDRA
(ASAEXS)***

ESTATUTOS

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Universidade de Vigo - Campus da Xunqueira
36005-PONTEVEDRA

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN

Capítulo primeiro. NORMAS XERAIS:

Artigo 1º.- Coa denominación de “ASOCIACIÓN DE ALUMNADO E EXALUMNADO SENIOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO-CAMPUS DE PONTEVEDRA”.(ASAEXS) Constitúese a mesma sen interese lucrativo algún e por tempo indefinido os presentes Estatutos rexeranse pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

Artigo 2º.- A Asociación , en función dos seus fins e da situación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Galega.

Artigo 3º.- Os fins da Asociación serán: Promover, participar e divulgar, o Programa Universitario para Maiores e todos os programas, actividades culturais, deportivas, recreativas, divulgativas e de ocio, relacionadas coa Universidade de Vigo, especialmente as programadas e realizadas no Campus de Pontevedra, e todas aquelas actividades que se consideren de interese para a Asociación.

Artigo 4º.- A duración será por tempo ilimitado, podendo ingresar nela novos membros, ou causar baixa os antigos sen necesidade de nova constitución.

Artigo 5º.- O Domicilio Social queda fixado en Pontevedra, na Facultade de CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN Campus da Xunqueira Pontevedra. Poderanse utilizar outros locais asociativos na cidade ou noutra cidade mediante acordo da Xunta Directiva, comunicando o acordo ao Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia, e á Universidade de Vigo-Campus de Pontevedra.

Artigo 6º.-Os socios e socias poderán ser fundadores, numerarios ou honoríficos, Son socios e socias fundadores todas aquelas persoas que subscriben a Acta Fundacional. Son socios e socios honoríficos aquelas persoas entidades ou colectivos que, a xuízo da Asemblea Xeral coaduxen de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da Asociación.

Considéranse socios e socias numerarios as persoas ingresadas con posterioridade á subscrición da Acta Fundacional.

Artigo 7º.- Poderán ser membros da Asociación, todas aquelas persoas que estean ou teñan estado matriculadas nos cursos do Programa Universitario para Maiores da Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra, solicitando o seu ingreso na Asociación, e que se identifiquen cos fins da mesma, e sexan admitidos pola Xunta Directiva ou institución que no futuro a substitúa. Se a Xunta Directiva rexeitase o ingreso da persoa interesada, comunicarllo por escrito, quen no prazo dun mes poderá apelar diante da mesma o que estime conveniente. No caso de que a Xunta Directiva mantivese a mesma posición, poderá apelar diante da Asemblea Xeral que decidirá con carácter irrevogable.

O profesorado da Universidade de Vigo ou contratado pola mesma que estivera vinculado a este programa formativo, terá dereito a ingresar como Socio/a de Número na Asociación.



Artigo 8º.- Son dereitos dos socios e socias fundadores e numerarios

1. Tomar parte nas Asembleas Xerais con voz e voto.
2. Elixir e ser elixidos membros dos órganos de goberno da Asociación.
3. Gozar de tódolos beneficios da Asociación segundo as normas e disposicións regulamentarias da mesma ou cantas outras sexan concedidas a aquela por entidades públicas ou privadas.
- 4.- Gozar de tódolos dereitos que como membros da Asociación lles corresponda segundo as normas dadas polos organismos competentes.

Artigo 9º.- Son deberes dos socios e socias fundadores e numerarios:

- 1.- Prestar cantos servizos determinen os Estatutos ou Regulamentos de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- 2.- Satisfacer as cotas e contribucións que sexan establecidas

Artigo 10º.- Os socios e socias honoríficos non tomarán parte na organización ou goberno da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero si poderán asistir ás Asembleas Xerais con voz pero sen voto.

Así mesmo poderán facer cantas suxestións estimen oportunas á Xunta Directiva ou elevar escritos ás Asembleas Xerais.

Artigo 11º.- A condición de socio/a pérdese:

- a- Por baixa voluntaria.
- b- Por falla no pago da cota anual.
- c.- Por expulsión, tramitándose expediente no que será escoitada a persoa interesada. A Xunta directiva formulará proposta á Asemblea Xeral que será o órgano que decida.

Capítulo Segundo: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 12º.- Son órganos de goberno da Asociación:

- a. A Asemblea Xeral de Socios e socias
- b. A Xunta Directiva

DA ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS E SOCIAS

Artigo 13º.- A Asemblea Xeral de Socios e socias é o órgano supremo de goberno da Asociación e expresa a vontade da mesma. Estará formada polos membros da mesma, e os acordos serán vinculantes.

As Asembleas poderán ser Ordinarias ou extraordinarias de acordo coa lexislación vixente.

Copia electrónica auténtica de documento en papel

CVE: XGREX-0789a48f-989a-3247-ac33-228bda83850



Artigo 14º.- A Asemblea Xeral Ordinaria deberá reunirse unha vez ao ano. Serán Competencias da mesma:

- 1.- Aprobar a Acta da reunión anterior
- 2.- Examinar e aprobar a memoria de actividades do ano anterior
- 3.- Aprobar o plan de actividades a realizar
- 4.- Examinar e aprobar as contas e o balance do exercicio
- 5.- Decidir sobre a aplicación concreta dos fondos dispoñibles
- 6.- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio
- 7.- Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación
- 8.- Aprobar as cotas anuais dos asociados/as.

Artigo 15º.- ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA: A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirse sempre que sexa convocada pola Presidencia, a petición da Xunta Directiva ou convocada por dúas terceiras partes dos membros da Asociación. Serán competencia da mesma:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elección dos membros da Xunta Directiva
3. A Federación con outras Asociacións
4. Autorización do alleamento, grávame ou Hipoteca dos bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Ratificar a expulsión dos socios/as proposta pola Xunta Directiva.
7. Solicitar a declaración da Asociación de utilidade pública.
8. As que sendo competencias da Asemblea Xeral Ordinaria, por razón de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria sen grave prexuízo para a Asociación.
9. Todas as conferidas á Asemblea Xeral Ordinaria e a Xunta Directiva.

Artigo 16º.- En todos os casos deberase convocar aos socios e socias con 15 días de antelación, mediante escrito no que se fará constar a Orde do Día.

Artigo 17º.- As Asembleas Xerais, tanto as ordinarias como as extraordinarias, estarán integradas polos socios/as asistentes, máis aqueles membros legalmente representados sempre que concurra a metade mais un do total na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 18º.- A presidencia e o Secretario/a da Asemblea Xeral serán os mesmos da Xunta Directiva.

Artigo 19º.- Os acordos acadados deberán ser aprobados polo voto afirmativo da maioría simple das persoas asistentes á Asemblea, excepto os relativos aos apartados 1,2,3,4,5,6 e 7 do artigo 15º que requirirán maioría de dous terzos.

Artigo 20º.- Os acordos acadados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os membros da Asociación, incluso aos non asistentes. Os acordos que vaian en contra dos Estatutos ou infrinxan as fins da Asociación, poderán ser recorridos diante da Asemblea Xeral.



DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 21º.- A Xunta Directiva estará Composta por unha Presidencia, unha Vicepresidencia, unha Secretaría, unha Tesourería e complementarase cun máximo de 6 vogais.

Artigo 22º.- Serán competencia da Presidencia:

- Convocar e presidir tanto as sesións da Asemblea Xeral coma as da Xunta Directiva.
- Ostentar a Dirección da Asociación.
- Representar oficialmente a Entidade
- Conformar e autorizar documentos así como as ordes de pagamento.

Artigo 23º.- A Vicepresidencia terá as mesmas atribucións ca Presidencia cando teñan que substituíla, nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante .A Presidencia poderá así mesmo delegar na Vicepresidencia todas as funcións que estime necesarias. A Presidencia determinará a Orde no. que será substituída polas Vicepresidencias.

Artigo 24º.- Serán competencias da Secretaría:

- Custodiar e levar os libros de Actas e de rexistro de socios/as, documentos e corimbos da Asociación.
- Estender as actas das reunións e expedir as certificacións oportunas co visto e prace da Presidencia.

Artigo 25º. Serán competencias da Tesourería:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de contabilidade.
- Preparar os balances e os orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- Autorizar coa Presidencia a disposición de fondos conxuntamente. A falta de un deles poderá asinar conxuntamente outro dos directivos por esta orde:
 - Presidencia e Vicepresidencia
 - Tesourería e Vicepresidencia

Artigo 26º.- Os e as vogais auxiliarán aos membros da directiva citados anteriormente, e presidirán as diferentes comisións de traballo que se constitúan. O/a vogal de menos idade fará as veces de secretario/a nas ausencias do mesmo.

Artigo 27º.-A Xunta Directiva ten como atribucións, todas aquelas que condúzan ao cumprimento das fins da Asociación. Levará á práctica o cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e os propios acordos da Xunta Directiva, sendo responsable diante da Asemblea Xeral.

Artigo 28º.- A Xunta Directiva reunirse:

- Como mínimo unha vez cada dous meses.
- A petición da Presidencia cantas veces sexa preciso.
- Cando o solicite o 50% da Xunta Directiva.



Artigo 29º.- Os acordos da Xunta tomaranse por maioría simple, requirindo a metade mais un dos compoñentes para ser válidos. No caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidencia.

Artigo 30º.- Os cargos da Xunta Directiva:

- a. Renovaranse cada dous anos en Asemblea Xeral Extraordinaria. Para o caso de que undos membros da Xunta Directiva cesase antes de esgotar o mandato, a propia Xunta nomeará, con carácter interino, a un dos membros da Asociación para ocupar a vacante ata a próxima Asemblea.
- b. As causas do cesamento dos membros da Xunta Directiva serán por: falecemento da persoa física, extinción da persoa xurídica, renuncia voluntaria, transcurso do prazo para o que foron elixidos

Capítulo terceiro: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 31º.- Esta Asociación constitúese cun patrimonio de 120,00 €. Os fondos da entidade serán constituídos por:

- a. As cotas anuais obrigatorias dos socios e socias.
- b. Os donativos, contribucións voluntarias e legados que fagan os socios/as ou terceiras persoas.
- c. As subvencións oficiais e particulares
- d. As rendas de patrimonio ou outros ingresos que se poidan acadar.

Artigo 32º.- As cotas obrigatorias estableceranse pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva, non sendo estas reintegrables en ningún caso e dedicándose as mesmas a cubrir as necesidades da Asociación.

Artigo 33º.- As contribucións voluntarias considéranse como préstamos sen intereses, e reintegrables nas condicións que se pacten.

Artigo 34º.- Anualmente, e con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación que se formalizará nunha memoria e será posta a disposición dos socios e socias durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a realización da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 35º.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado pola Tesourería, que deberá telo preparado antes do final de cada exercicio económico

Copia electrónica auténtica de documento en papel

CVE: XGREX-0789a48f-d89a-3247-ac33-228bdaf83850



Capítulo Cuarto: DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 36º.- A Asociación disolverase polas causas seguintes:

- Por vontade dos membros da Asociación, acordada polas dúas terceiras partes dos mesmos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada con este fin.
- Por outras causas determinadas legalmente
- Por sentenza xudicial

Artigo 37º.- No caso de disolución, a última Xunta Directiva constituirase en comisión liquidadora, que procederá a efectuar os pagamentos pendentes, cobrando os créditos e fixando o haber líquido restante.

Artigo 38º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a calquera asociación similar da Universidade de Vigo, sita no Campus de Pontevedra, ou a unha entidade ou institución benéfica.

Pontevedra, 02 de decembro do 2020

Gloria Pérez Prieto
50683073C



Mª. Concepción García Gandoy
76491047Q



J. Manuel Naveiro Mascato
35.429.809 B



Concepción Mumary Ruibal
35249273W




José Luis Fernández Fernández
33829420P



Miguel Angel Yebrá Varela
35997809A

Dilixencia: Os estatutos foron redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral 01/2020 do 2 de decembro de 2020.

V. Bº. Miguel A. Yebrá Varela
Presidente



Concepción Mumary Ruibal
Secretaria

